



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A ENTIDADE EL PROGRESO DE LUGO, SL, PARA A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN NO XORNAL EL PROGRESO DE LUGO DE ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA SEGURIDADE VIARIA.

1.- ANTECEDENTES

I.- Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

II.- A Axencia Galega de Infraestruturas pretende contribuír a que os cidadáns dispoñan da maior e mellor información posible e ao mesmo tempo transmitir os valores que informan a actuación pública, impulsando para iso as condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, e contribuír, deste xeito, a formación e existencia dunha opinión pública libre e democrática.

III.- Por outra banda, El Progreso de Lugo, SL, segundo se recolle no informe da Secretaría Xeral de Medios de data 13 de febreiro de 2017, realiza unha importante labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución cunha porcentaxe de audiencia do EGM, terceiro acumulado anual 2016, de 94.000 lectores/día, o que representa o 7,85 % da audiencia dos grupos de comunicación de Galicia.





Asemade, no marco do papel que de deben xogar nunha sociedade democrática e plural os medios de comunicación social, El Progreso de Lugo, SL, nas súas informacións inclúe tanto actuacións da administración autonómica, en xeral, como da Axencia Galega de Infraestruturas, por considerar de grande importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coa seguridade viaria así como calquera outra acción e/ou programa da axencia que produza efectos sobre a calidade de vida dos cidadáns galegos.

2. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

A Axencia Galega de Infraestruturas ten interese en poñer en coñecemento do público en xeral as particularidades da súa actividade na execución daquelas estratexias, programas e/ou iniciativas da súa competencia que consideran de maior interese para a cidadanía, e procurar, deste xeito, un maior coñecemento destes pola poboación.

Por outra parte, a entidade El Progreso de Lugo, SL, ademais de constituír na súa área de influencia o medio máis axeitado para dar a coñecer as estratexias, programas e/ou iniciativas da Axencia Galega de Infraestruturas, e posibilitar cos seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións de goberno que son de interese xeral, contribúe a facer efectivo a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre o medio de comunicación citado e os da Axencia Galega de Infraestruturas, dada a natureza das súas actuacións, o cal determina a posibilidade de colaboración das distintas partes para atender unha finalidade común.

Por todas estas razóns, coidase xustificada a oportunidade de asinar un acordo para a mellor presentación e divulgación das actuacións públicas nos ámbitos de competencia da axencia, segundo se lle asignan no artigo 9 do Decreto 173/2011 do 4 de agosto polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas (DOG núm. 163, do 26 de agosto).

Á vista do exposto, resulta evidente o interese coincidente entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a entidade El Progreso de Lugo, SL, para impulsar as actividades de publicación e información das actuacións que realiza a axencia no desenvolvemento da súa actividade pública a través do seu xornal, o cal, dada a súa posición relevante respecto do seu ámbito de influencia xustifica a non promoción da concorrência.





3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.

Informar á sociedade de aspectos esenciais da actuación pública nos ámbitos materiais competencia desta Axencia, en concreto nas actuacións no ámbito da seguridade viaria a través da difusión no medio de comunicación El Progreso de Lugo.

Tódalas circunstancias expresadas determinan que proceda a sinatura do convenio, obxecto da presente memoria, coa entidade El Progreso de Lugo, SL.

4. ESTIMACIÓN DE CUSTOS E FINANCIAMENTO.

O importe da actuación que se presenta no obxecto do convenio estímase nun total de sesenta e catro mil cincocentos dezanove euros e sesenta e catro céntimos – 64.519,64 euros -, segundo a información facilitada polo propia sociedade e reflectida no anexo desta memoria.

A achega económica da Axencia Galega de Infraestruturas á finalidade do presente convenio será financiada con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, coa seguinte distribución :

Órgano administrativo/ Entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Axencia Galega de Infraestruturas	08.A1.512B.640.1	31.386 €

Santiago de Compostela,

O Director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias





XUNTA DE GALICIA

ANEXO

ORZAMENTO CONVENIO AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS - EL PROGRESO DE LUGO, SL	
CONCEPTO	CUSTE ESTIMADO
1. Cobertura Xornalística	35.945,00€
2. Deseño, fotomecánica e pranchas	13.671,42€
3. Impresión	13.262,22€
4. Axudas de custo e Quilometraxe	1.641,00€
CUSTE TOTAL	64.519,64€

